



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 1 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

## **PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE BUEU**

### ÍNDICE

#### **I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- I.1. Obxecto do contrato
- I.2. Ámbito de aplicación

#### **II. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO**

II.1. Requisitos xerais

II.2. Requisitos específicos por especialidade:

II.2.1. Seguridade, hixiene e ergonomía e psicoloxía aplicada

II.2.2. Medicina no traballo: alcance e documentación a presentar

A. VIXILANCIA DA SAÚDE COLECTIVA

B. VIXILANCIA DA SAÚDE INDIVIDUAL

II.2.3. Obrigas relativas á realización das actividades de vixilancia da saúde.

II.2.4. Procedemento para entrega de resultados do recoñecemento médico e cumprimento das obrigas relativas á protección de datos de carácter persoal.

II.2.5. Horas presenciais a maiores das requiridas para o cumprimento do contrato.

II.3. Recursos materiais, técnicos e humanos

II.3.1. Medios humanos

a) Coordinador de prevención de riscos laborais

b) Persoal sanitario para a especialidade de medicina no traballo

II.3.2. Medios materiais e técnicos

II.4. Tempos de resposta para as prestacións.

#### **ANEXO I. CONTIDO MÍNIMO DO RECOÑECIMENTO MÉDICO**

#### **ANEXO II. NÚMERO DE TRABALLADORES DO CONCELLO**

#### **ANEXO III. RELACIÓN DE CENTROS DE TRABALLO**



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante".BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

## I. OBXECTO E AMBITO DE APLICACIÓN

### I.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente prego é establecer as prescricións técnicas que deben rexer no Contrato de prestación dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais (en adiante SPA) que leve a cabo as tarefas requiridas pola lexislación de prevención que sexan necesarias en cada caso en función dos riscos existentes e nos termos que resultan do artigo 31.3 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais (en adiante, LPRL) e na súa normativa de desenvolvemento.

As tarefas a realizar polo contratista abarcarán as especialidades preventivas de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina do traballo do seguinte xeito:

- **Seguridade no traballo** con relación á prevención de accidentes laborais derivado da distribución, manexo e uso de equipos de traballo, máquinas e instalacións, así como as derivadas do espazo físico do traballo.
- **Hixiene industrial** con relación á prevención de enfermidades profesionais e do traballo causadas por todo tipo de contaminantes, tanto físicos, químicos e/ou biolóxicos, xerados no traballo.
- **Ergonomía e psicosocioloxía aplicada** con relación ás accións preventivas encamiñadas ao control dos riscos orixinados, en especial, pola carga física e a carga mental dos postos de traballo.
- **Medicina do traballo** con relación á prevención de todo dano para a saúde, derivado das condicións de traballo e a protección contra os riscos para a saúde realizando avaliacións iniciais e periódicas dos traballadores.

Asemade o servizo de prevención alleo realizará a vixilancia da saúde do persoal do concello segundo os riscos inherentes ao traballo que desenvolvan, en particular de acordo co disposto no artigo 22 da LPRL e 37 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención (en adiante RSP).

### I.2. AMBITO DE APLICACIÓN

As actuacións de prevención previstas no contrato incluírán á totalidade do persoal do concello de Bueu, independentemente da relación funcional ou laboral coa que estean vinculados, incluíndo tamén ao persoal de novo ingreso que se incorpore ao concello ao longo da vixencia do contrato (contratacións temporais).

Quedan igualmente incluídos no ámbito de aplicación os cargos electos do concello con dedicación exclusiva ou parcial.

Tendo en conta que o número total de traballadores varía o longo do ano aos efectos do contrato pódense estimar unha media de 163 traballadores nos termos que resultan da información contida no anexo I do presente prego.

Asemade, o obxecto da actividade preventiva efectuarase en relación a tódolos centros e espazos de traballo nos que o concello preste os seus servizos a través do seu persoal e que aparecen detallados no anexo III dos presentes pregos, podendo engadirse outras, ata un máximo de tres a maiores, que no seu caso se poñan en funcionamento no tempo de duración do contrato.



## CONCELLO DE BUEU

### DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 3 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

As actuacións preventivas incluírán tamén outros espazos de traballo nos que preste os seus servizos o persoal municipal, en particular, as obras de reparación e mantemento de espazos públicos, intervencións da brigada de obras e análogos.

## II. CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO

### II.1 REQUISITOS XERAIS

O adxudicatario terá a obriga de efectuar tódalas actividades cuxa realización se corresponda aos servizos de prevención, segundo a lexislación vixente, e contribuír a efectividade da integración das actividades de prevención a el encomendadas no conxunto de actividades da empresa e en tódolos niveis xerárquicos da mesma. Neste senso, con carácter xeral, o horario e tempo de dedicación do SPA, será o necesario segundo a normativa e as posibles situacións que se produzan e a planificación (calendario e horarios) se coordinaran, do xeito sinalado ao longo do presente prego, de acordo coas necesidades, a través do responsable do contrato e do concelleiro delegado da área de xestión á que corresponda o servizo obxecto do contrato.

O adxudicatario obrígase a gardar secreto e a facelo gardar o persoal que empregue para a execución do contrato, respecto a toda a información do Concello que con motivo do desenvolvemento dos traballos poña no seu coñecemento, non podendo utilizala para si ou para outra persoa, entidade ou firma.

O adxudicatario, deberá cumprir con tódolos requisitos que sexan legalmente esixibles a tales entidades e, en particular, co disposto nos artigos 17, 18 e 19 e no capítulo III do RSP.

As empresas licitadoras deberán estar acreditadas, ante a autoridade laboral competente, para desenvolver tódalas funcións das especialidades ou disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada e Medicina do Traballo, debendo achegar o documento expedido pola autoridade laboral que acredite á empresa como SPA con capacidade para prestar o servizo nos termos que resultan dos PCAP.

O SPA colaborará, no ámbito das especialidades obxecto deste contrato, en todas aquelas actuacións que lle sexan solicitadas polo Concello de Bueu.

O persoal designado polo Concello poderá participar, se o considera conveniente, nos traballos de campo que realice o SPA.

Á finalización do contrato, o adxudicatario trasladará os datos relativos a vixilancia da saúde dos empregados do Concello a nova entidade que vaia prestar o SPA ó Concello, todo elo de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos.

O adxudicatario tratará como reservada toda a información que, en relación con este contrato, lle sexa facilitada polo Concello. Sen coñecemento previo e por escrito de este, o adxudicatario non utilizará a información facilitada, nin desvelará a terceiros dita información, agás por acreditadas razóns de cumprimento de obrigas derivadas deste contrato, normas legais aplicables, o requirimento da Autoridade Laboral, Sanitaria ou Xudicial.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

## II.2.- REQUISITOS ESPECIFICOS POR ESPECIALIDADE

Na execución do contrato a empresa adxudataria asume os seguintes compromisos:

### II.2.1- SEGURIDADE, HIXIENE E ERGONOMÍA E PISCOLOXÍA APLICADA,

Deberá abarcar os ámbitos e obrigas que estipula en cada caso o marco normativo de Prevención de Riscos Laborais, en particular a mencionada Lei 31/1995 e normativa que a desenvolve, podendo concretarse as seguintes tarefas:

- 1) Deseño, implantación, aplicación e actualización dun Plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.
- 2) Avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e saúde dos traballadores.
- 3) A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas e de vixilancia da súa eficacia.
- 4) A información e formación dos traballadores, coas condicións que se especifican neste prego, entregando ao concello unha relación detallada da formación impartida, acompañada das correspondentes certificacións de asistencia para entregar aos respectivos traballadores/as.
- 5) A realización de plans de emerxencia e o asesoramento e apoio na prestación dos primeiros auxilios.
- 6) A realización da investigación e análise dos accidentes laborais (á marxe da súa gravidade) preparando o informe correspondente, así como outra documentación que sexa esixible pola normativa de prevención e/ ou pola autoridade laboral
- 7) Asesoramento e no seu caso preparación da documentación necesaria en aqueles casos nos que se requira a coordinación de actividades con outras empresas.
- 8) Asesoramento e no seu caso preparación de informes técnicos relacionados coa adquisición e mantemento dos medios e equipos de traballo, así como dos equipos de protección colectiva e individual requiridos en cada caso.
- 9) A entrega ao concello, en tempo e forma da documentación requirida pola normativa de prevención, en particular a estipulada no artigo 23 da mencionada Lei , así como dunha memoria anual do SPA.
- 10) Designar a un Técnico superior en prevención ( o/a que estea asignado/a ao concello salvo causa xustificada) para que asista, con voz e sen voto, ás reunións do comité de seguridade e Saúde do concello, cando sexa solicitado cunha antelación mínima de 48 horas.
- 11) Calquera outra obriga, documento ou aspecto relacionado coa prevención de riscos laborais que estipule a lexislación vixente e que non implique necesariamente un incremento no prezo do contrato.

En caso de producirse algún accidente laboral grave, moi grave ou que produza o falecemento do traballador/ a, a empresa queda obrigada a enviar ao concello de Bueu, un técnico/a superior en prevención coa maior celeridade , indistintamente do día da semana de que se trate, que asumirá as funcións que lle son propias.

As tarefas que precisen da presenza nos lugares de traballo do persoal técnico designado pola empresa deberán coordinarse co persoal nomeado polo concello de Bueu



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

programándoas conxuntamente coa suficiente antelación ( visitas ás instalacións, impartición de formación, recollida de datos "in situ", análise de documentación e actuacións análogas)

En relación coa formación do persoal, a empresa adxudicataria asume o compromiso de dar formación preventiva de reforzo aos traballadores/as destinados en postos con maiores riscos, en particular aos pertencentes á Brigada de Obras, aos xardineiros/as, aos electricistas, etc.

### II.2.2 MEDICINA DO TRABALLO: ALCANCE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

É obxecto do contrato o desenvolvemento integro de dita especialidade que comprenderá todas as actuacións contempladas no artigo 37 del RSP, nas condicións fixadas no art. 22 de la LPRL.

A entidade adxudicataria deberá contar, para levar a cabo as medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores do concello de Bueu e, no seu caso, os seus Organismos Autónomos, con un número suficiente de profesionais sanitarios con competencia técnica, formación e capacidade acreditada, que cumpran co disposto no art. 37.3.a del RSP.

As actividades de vixilancia da saúde se dividirán en dous apartados:

#### A. VIXILANCIA DA SAÚDE COLECTIVA:

A.1.- Análise dos riscos para a saúde e Programación da actividade de Vixilancia da Saúde. Este servizo realizarase en función dos seguintes factores:

- Dos distintos postos de traballo e dos riscos aos que están expostos: Neste senso, se determinará os exames de saúde a realizar, a periodicidade, tipo de probas a realizar, etc., para a súa posterior consulta cos representantes dos traballadores nos termos que establecen os art. 22 e 33 da Lei de Prevención de Riscos Laborais. En ningún caso a periodicidade fixada poderá ser superior a un ano, podendo ser inferior se se recolle en normativa específica ou así se considera a criterio médico.
- Aqueles riscos que poidan verse agravados ou modificados pola concorrencia de operacións sucesivas ou simultáneas.
- Os traballos ou tarefas integrantes do posto de traballo ligados ás actividades ou os procesos perigosos ou con riscos especiais, de acordo con lo previsto no artigo 22 bis del R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de los Servizos de Prevención.

A.2. Visita aos centros e postos de traballo.

A.3 Planificación Anual de Intervencións.

A.4.- Formación e información dos traballadores en materia de primeiros auxilios.

A.5.- Formación e información aos traballadores en riscos específicos con relevancia nos aspectos sanitarios, mediante a realización de actividades de formación aos mesmos. O persoal sanitario do SPA, que resulte contratado, realizará campañas de formación e educación (prevención e promoción da Saúde) e todas aquelas accións que sexan necesarias realizar a raíz das avaliacións de riscos dos Centros, da planificación da actividade preventiva ou de outros estudos e actuacións en materia preventiva.

A.6.- Vixilancia Epidemiolóxica: Análise dos resultados da vixilancia da saúde dos traballadores e da avaliación dos riscos, con criterios epidemiolóxicos e en colaboración co



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

resto dos recursos preventivos, 5 a fin de investigar e analizar as posibles relacións entre a exposición aos riscos profesionais e os prexuízos para a saúde e propor medidas encamiñadas a mellorar as condicións e medio ambiente de traballo.

El SPA, no desenvolvemento da actividade preventiva de Medicina do traballo, deberá presentar a seguinte Documentación:

- Programa específico de Vixilancia da Saúde.
- Informe de postos con exames de saúde obrigatorios, no seu caso, para a súa consulta cos traballadores ou os seus representantes.
- Relación de exames de saúde efectuados, así como resultados dos mesmos e determinación do protocolo médico aplicado.
- Informe sobre riscos dos postos de traballo que poidan afectar ás traballadoras en situación de embarazo ou parto recente e aos traballadores especialmente sensibles.
- Informe do análise epidemiolóxico.
- Memoria das actividades de vixilancia da saúde realizadas que incluír necesariamente unha valoración acerca da efectividade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión do concello de Bueu, a través da implantación e aplicación do Plan de prevención de riscos laborais, en relación coas actividades preventivas de Vixilancia da Saúde.

## B.. VIXILANCIA DA SAÚDE INDIVIDUAL:

### B.1 Contido.

Para os exames de saúde a empresa adjudicataria aplicará os protocolos médicos específicos (Protocolos Sanitarios elaborados polo Ministerio de Sanidade e Consumo e as Comunidades Autónomas) ou outros medios existentes con respecto aos factores de risco aos que estea exposto o traballador tal como establece o art. 37 do RSP.

Os exames de saúde deberán ter como contido mínimo para todos os postos de traballo os sinalados no anexo I. Se engadirán a dito contido mínimo, os parámetros complementarios e exploracións específicas que resulten de aplicación segundo os protocolos correspondentes ou outros medios existentes en caso de non contarse con aqueles para valorar os factores de risco a considerar.

### B.2. Tipoloxía.

A actividade sanitaria deberá abarcar ademais da vixilancia da saúde colectiva, a individual (recoñecementos médicos) e en particular:

- 1) A vixilancia da saúde dos traballadores/as en relación cos riscos derivados do traballo.
- 2) Avaliación da saúde dos traballadores/as inicial despois da incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.
- 3) Avaliación da saúde dos traballadores/as que se incorporen ao seu posto de traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde.
- 4) Avaliación da saúde dos traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos (art.25 da Lei), das traballadoras nos casos de protección da maternidade (art. 26) e dos traballadores/as menores de dezoito anos (art.27 da Lei)





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificadado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- 5) Vixilancia da saúde de tódolos empregados públicos a intervalos periódicos segundo se determine por parte do equipo médico responsable da vixilancia da saúde, realizándose con carácter xeral unha vez ao ano.
- 6) Asesoramento na determinación dos postos de traballo que no seu caso se poderían considerar adecuados a traballadores/as que por cuestións de saúde precisen dun cambio a unha "segunda actividade".
- 7) A entrega doutra documentación, en particular a seguinte, a cada traballador/a o seu informe individual detallando o seu estado de saúde, certificados de aptitude ao Concello ( gardando a debida confidencialidade dos resultados individuais) informe de postos con recoñecemento médico obrigatorio, informe dos postos que poderían ser adecuados para desenvolver unha "segunda actividade" no caso de traballadores/as non aptos/as ou que teñan algunha limitación importante respecto do posto que veñan desenvolvendo, análise epidemolóxico, memoria anual.
- 8) Colaboración coa Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social coa que o concello teña subscrito o correspondente convenio
- 9) Calquera outra avaliación da saúde dos traballadores/as ou do ambiente de traballo que se estipule na lexislación vixente e que non implique necesariamente un incremento no prezo do contrato.

Ao indicado anteriormente engadiranse os recoñecementos médicos que resulten imprescindibles para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores/as, ou para verificar si o estado de saúde do traballador/a pode constituír un perigo para si mesmo ou para os demais traballadores/as do concello ou para outras persoas, ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigosidade (nos termos indicados no art. 22 da Lei)

Os exames de saúde deberán ter o contido mínimo para todos os postos de traballo segundo os apartados definidos no anexo I dos presentes pregos.

### **II.2.3.- OBRIGAS RELATIVAS Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE VIXILANCIA DA SAÚDE.**

Os recoñecementos médicos que se programen para un mínimo de 25 de traballadores/as realizaranse en dependencias axeitadas situadas no centro de Bueu, incluídas as analíticas e as probas que no seu caso se determinen de acordo cos protocolos médicos aplicables. Neste caso a empresa poderá optar por realizar os recoñecementos nas instalacións dalgunha clínica ou centro médico, por poñer a disposición unha unidade móbil equipada ou por acondicionar algunha das dependencias municipais e desprazar o equipamento médico necesario. No caso de que, como resultado da programación establecida, no último día dos recoñecementos médicos o número de traballadores sexa inferior aos 25, atenderanse igualmente en Bueu.

Para o caso dos recoñecementos médicos dos traballadores/ as que se incorporen ao concello por contratos temporais, establecerase unha planificación específica.

No caso dos recoñecementos médicos non programados cunha antelación mínima de 8 días hábiles ou cando o número de traballadores sexa inferior a 25, os recoñecementos médicos poderán realizarse nos centros médicos que determine a empresa, debendo estar situados en todo caso nun radio máximo de 35 quilómetros ( Vigo, Pontevedra, etc. )



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Os recoñecementos médicos deben seguir os Protocolos específicos elaborados polas administracións competentes en materia de sanidade (estatal e/ ou autonómica) ou outros elaborados por organismos de recoñecido prestixio, a incluír una historia clínico-laboral nas que consten as distintas exposicións a riscos, as doenzas do traballador/a e os resultados das exploracións, análise o estudos complementarios.

#### **II.2.4.- PROCEDEMENTO PARA ENTREGA DE RESULTADOS DO RECOÑECIMENTO MÉDICO E CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS RELATIVAS Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL.**

A información sobre os resultados dos exames de saúde e/ou estudos complementarios efectuados realizarase co cumprimento das seguintes regras:

**Individuais ao traballador.** Despois de realizar os exames de saúde e no prazo máximo de 1 mes, a empresa adxudicataria deberá remitir ao traballador o informe médico correspondente.

**Ao concello de Bueu e aos seus Organismos Autónomos que corresponda:** (IMD/ Instituto Municipal de Deportes). Así mesmo, o adxudicatario deberá entregar en sobre pechado, o resultado do recoñecemento médico, o cal, por razóns de confidencialidade, se limitará a indicar a consideración de APTO, NON APTO, APTO CON LIMITACIONES, APTO CON RECOMENDACIONES (Neste caso se indicará o motivo), segundo proceda.

Esta carta de aptitude deberá ser entregada no prazo máximo de 1 mes, salvo nos casos nos que o resultado do exame de saúde sexa NON APTO ou APTO CON LIMITACIONES, que haberá de comunicarse da maneira máis inmediata posible (fax, mail, etc....), sen prexuízo da súa comunicación ordinaria, que neste caso será de 7 días naturais.

Se deberá emitir un informe complementario nos seguintes casos:

- Aptitude laboral "Apto con limitacións". Deberá realizarse unha descrición detallada das tarefas inherentes ao posto de traballo no que veu prestando os seus servizos o traballador, indicándose cales delas non poden ser desempeñadas por afectar ao seu estado de saúde, así como as limitacións a considerar no desenvolvemento destas tarefas a fin de proceder á adaptación do posto.

- Aptitude laboral "Non Apto". Ante un posible cambio de posto, deberá asesorar sobre o posto de traballo máis indicado tendo en conta o seu estado de saúde.

O resultado da vixilancia da saúde será comunicado ao traballador/a. O informe redactarse no posible en termos que resulten comprensibles, asegurando a confidencialidade dos datos e recepción do mesmo.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores/as sen que poida facilitarse nin ao equipo de goberno nin ao persoal do concello ou a outras persoas, sen consentimento expreso e por escrito do traballador/a. En todo caso o procedemento a seguir será o estipulado no artigo 22 da mencionada lei 31/1995.





DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificadado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Así mesmo o tratamento dos datos levarase a cabo de acordo aos principios establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal.

### **II.2.5 HORAS PRESENCIAIS A MAIORES DAS REQUIRIDAS PARA O CUMPRIMENTO DO CONTRATO.**

A empresa adxudicataria, a maiores do tempo que necesite para cumprir co obxecto do contrato nas catro especialidades preventivas antes citadas, incluídos os recoñecementos médicos, deberá incluír un total de 80 horas presenciais ao ano para outras actividades preventivas que se lle requiran por parte do persoal designado polo Concello, entre outras impartir formación ao persoal de nova incorporación (contratos temporais), impartir o curso de Plataformas Elevadoras Móviles de Persoal (PEMP) a 6 traballadores/as, impartir formación de reforzo para o resto de persoal, formación en primeiros auxilios, realización de simulacros, e análogos.

Estas horas presenciais a maiores poderá distribuílas o concello ao longo do ano segundo as súas necesidades, debendo a empresa adxudicataria ter dispoñibilidade para realizar as actividades requiridas cando se lle soliciten cunha antelación mínima de tres días hábiles.

Non se inclúen nestas horas presenciais a formación de reforzo dirixida aos traballadores/as destinados en postos con maiores riscos.

### **II.3 RECURSOS MATERIAIS, TÉCNICOS E HUMANOS**

Os recursos materiais e humanos destinados ás actividades preventivas serán acordados ao tamaño e número de empregados do concello de Bueu, e do seus organismos autónomos.

Neste senso, o adxudicatario deberá dispor dos axeitados medios técnicos, materiais e humanos en función das tarefas encomendadas e dedicación suficiente para o desempeño das actividades preventivas a desenrolar en tódalas especialidades deste contrato. Asemade o persoal asignado deberá ter dedicación suficiente para poder levar a cabo as actividades preventivas previstas.

#### **II.3.1. Medios humanos**

O SPA asignará cantos técnicos, con diferentes titulacións académicas, sexan necesarios para a execución do contrato tendo en conta que o SPA é un servizo de carácter interdisciplinario debendo o contratista asignar o persoal técnico que sexa necesario en cada caso segundo a especialidade preventiva de que se trate.

##### **a) Coordinador de prevención de riscos laborais**

En todo caso, deberá asignar ao concello de Bueu un Coordinador Técnico, con formación en Riscos Laborais de Nivel Superior, que actuará como persoa de contacto co Concello e que se encargará de todas aquelas cuestións relacionadas coas actividades preventivas a desempeñar, tanto desde o punto de vista técnico como organizativo. No caso de que, de xeito xustificadado (baixas, vacacións ou razóns análogas) o coordinador designado non estea dispoñible, deberá ser substituído por outro coordinador con formación e experiencia equivalentes.

##### **b) Persoal sanitario para a especialidade de medicina no traballo**

Respecto da especialidade de medicina no traballo, o persoal sanitario do adxudicatario deberá contar coa cualificación necesaria, competencia técnica e capacidade acreditada



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

(médicos especialistas en Medicina do Traballo e enfermeiros/as Diplomados en Enfermería de empresa) para o desempeño das súas funcións. Igualmente o número e horario dos mesmos será o axeitado e suficiente aos riscos e traballadores a atender.

No equipo médico debe figurar, ao menos, un médico especialista en Medicina do Traballo e un ATS/DUE de empresa.

### II.3.2. Medios materiais e técnicos

Respecto aos medios materiais e equipos técnicos, as condicións dos locais e instalacións ofrecidas para a realización das probas e recoñecementos médicos serán os axeitados e deberán garantir a dignidade e intimidade dos usuarios, e dos datos médicos que se rexistren.

Igualmente o adxudicatario dispoñerá dos equipos e material necesarios para a realización dos recoñecementos médicos e probas estipuladas. Todos estes equipos utilizados disporán da homologación preceptiva e poderán ser propiedade da entidade prestataria do servizo ou concertar a súa utilización durante o período de tempo necesario.

As empresas licitadoras deberán acompañar, como mínimo, a documentación acreditativa da formación en prevención de nivel superior do persoal técnico asignado á execución do contrato, así como a acreditación documental da titulación académica indicada anteriormente para o seu persoal sanitario e unha relación descritiva dos medios materiais e técnicos dos que dispón para dar cumprimento ao disposto neste prego.

### II.4- TEMPOS DE RESPONSA PARA AS PRESTACIONS

O tempo de resposta en actividades planificadas, entre o requirimento dunha actuación preventiva e a prestación do servizo correspondente, non poderá exceder de sete días naturais, e en todo caso, dentro do prazo establecido no procedemento de selección correspondente (no caso de novas incorporacións).

O tempo de resposta a unha solicitude de actuación non planificada, instada polo Concello, non será superior a 72 horas.

O tempo de resposta a unha solicitude de actuación en supostos extraordinarios ou situacións especiais de riscos, será inmediato. Tódalas actuacións e actividades desenrolaranse dentro do horario que estableza o Concello coa finalidade de interromper o menos posible a actividade normal das distintas unidades e áreas de traballo.

O adxudicatario aportará os datos xerados polas actuacións obxecto do contrato como SPA, en soporte papel e soporte informático, no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir do último empregado para efectuar a correspondente actuación, en caso de urxencia dito prazo será de 72 horas como máximo.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante".BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

## ANEXO I. CONTIDO MÍNIMO DO RECOÑECIMENTO MÉDICO

Os recoñecementos médicos incluírán o seguinte:

### 1) Historial clínico laboral.

- Datos persoais e de filiación, centro e posto de traballo, riscos inherentes ao posto.
- Traballos anteriores que indique o traballador/a: tempo, riscos e dano para a saúde.
- Traballo actual: riscos do posto, antigüidade e danos para a saúde,
- Antecedentes familiares e persoais de interese para a saúde individual.
- Historia actual (hábitos, patoloxías, tratamentos farmacolóxicos, alerxias, vacinacións preventivas)

### 2) Exploración xeral

- Datos antropométricos: peso, talla, tensión arterial e pulso.
- Exploración física xeral.
- Exploracións complementarias: control visión, espirometría audiometría electrocardiograma

### 3) Análise de sangue:

- Hematoloxía: series vermella, branca e plaquetas. VSG
- Bioquímica: glucosa, ácido úrico, creatinina, urea, GOT, GPT, GGT, triglicéridos, colesterol HDL, LDL e cociente
- Homes maiores de 45 anos, análise do antígeno prostático específico (PSA) .
- Mulleres: ferro en recoñecementos anuais con hemoglobina inferior a 11 gr.
- Hormonas tiroideas se hai indicios de clínica ou antecedentes familiares en recoñecementos anuais.

### 4) Análise de urina: sistemático e sedimento.

5) Recoñecemento xinecolóxico con probas mínimas de citoloxía, ecografía transvaxinal e, de ser o caso, mamografía (por prescrición facultativa).

6) Protocolos específicos de vixilancia da saúde: No caso dos traballadores/as que estean expostos a riscos para os que existan protocolos de vixilancia concretos (usuarios de PVD, manexo manual de cargas, exposición a radiacións ionizantes, etc.) deberá completarse o recoñecemento médico xeral coa aplicación dos devanditos protocolos.

7) Asemade, nos casos nos que o traballador así o requira, e sempre que a doenza teña relación co desempeño do seu traballo, deberase realizar unha ampliación do recoñecemento médico en aspectos específicos, mediante consulta con especialista na área correspondente (oculista, otorrino, dermatólogo ou calquera outra especialidade sempre que concorran os supostos descritos)

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 12 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

**ANEXO II.- NÚMERO DE TRABALLADORES DO CONCELLO****a) NUMERO DE TRABALLADORES CONTRATADOS NO MES DE FEBREIRO DE 2016:**

Base documental: Informes da auxiliar do servizo de persoal do concello de data 19.2.2016 e de data 3.3.2016

<b>Funcionarios</b>	<b>45</b>
.- Policía locais: 12 . - Persoal oficina: 17 . - Persoal de obras e servizos: 16	
<b>Persoal laboral</b>	<b>19</b>
.- Persoal oficina: 16 . - Persoal de obras e servizos: 3	
<b>Persoal temporal</b>	<b>20</b>
.-Persoal de limpeza	
<b>Concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial.</b>	<b>4</b>
<b>Traballadores indefinidos discontinuos</b>	<b>2</b>
<b>TOTAL</b>	<b>90</b>

Segundo o informe da auxiliar do servizo de persoal do concello de data 03.03.2016 o número de traballadores por razón de xénero é idade é o seguinte:

- 1.- Homes maiores de 45 anos: 39
- 2.- Mulleres: 31

**B) PREVISIÓN DE CONTRATACION DE PERSOAL TEMPORAL PARA AO LONGO DO ANO 2016:**

Base documental: Cadro de contratacións previstas con cargo a programas de emprego da Deputación Provincial de Pontevedra e da Xunta de Galicia remitido polo departamento de desenvolvemento local do concello.

<b>PERSOAL TEMPORAL PREVISTO PARA O ANO 2016 CON CARGO AOS PLANS DE EMPREGO</b>	<b>53</b>
.- Peón limpeza: 15 . - Peón de albanelería: 1	

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 13 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante".BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

.- Peón carpintería: 2	
.- Peón de xardinería: 2	
.- Peón electricista: 2	
.- Peón pintor: 1	
.- Peón cantería: 1	
.- Oficial albanelería: 1	
.- Oficial soldador: 1	
.- Oficial carpintería: 1	
.- Oficial pintor:1	
.- Monitor deportivo: 2	
.- Auxiliar administrativo: 4	
.- Arqueólogo: 1	
.- Socorrista: 13	
.- Auxiliar administrativo:3	
.- Peón limpeza: 2	
<b>PERSOAL TEMPORAL PREVISTO DA BOLSA DE LIMPEZA DO CONCELLO</b>	<b>20</b>
<b>TOTAL</b>	<b>73</b>

**Polo tanto, a estimación dos traballadores que terá contratados o concello de Bueu ao longo do ano 2016 será de 163 ( 90 + 53+ 20)**

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 14 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante". BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

**ANEXO III. RELACIÓN DE CENTROS DE TRABALLO (non exhaustiva)**

<b>CENTRO DE TRABALLO</b>	<b>ENDEREZO</b>
Casa do concello (edificio principal)	Eduardo Vincenti, 8
Centro Social do Mar	Monterio Ríos S/N
Praza de abastos	Montero Ríos S/N
Centro OMIC (cultura+oficina de turismo)	Eduardo Vincenti, 2
Pavillón municipal de Bueu	Rúa Staffan Mörling S/N
Pavillón municipal de Beluso	Rúa Nova de Arriba
Campo de fútbol A Graña	
Campo de fútbol de Laxes	Cabalo Beluso
Policía Local (*)	Montero Ríos S/N
Biblioteca de Bueu	Ramal dos Galos S/N
Casa do Pobo de Beluso	Rúa Nova de Arriba S/N
Casa do Pobo de Cela	Igrexario, 1
CIM	Pazos Fontenla 29 2º
Axencia de desenvolvemento local	Pazos Fontenla 29 2º
Colexio A Pedra Bueu	A Pedra, 26
Colexio de Cela	Torre, 75
O Torrecino de Cela ( arquivo e biblioteca)	Igrexario, 10
Colexio de Beluso	Montemogos
Galescola	Ramón Bares
Cemiterio Bueu	Castiñeiras
Cemiterio de Beluso	
Cemiterio de Cela	Igrexario
Cemiterio de Hermelo	
Caseta de socorrismo	Praia de Lagos
Caseta de socorrismo	Praia de Area de Bon
Caseta de socorrismo	Praia de Lapamán
Caseta de socorrismo	Praia de Portomaior
Nave da brigada de obras e servizos (*)	Polígono Industrial parcela 8
Centro de saúde	Acceso ao grupo escolar





**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PPT/S/C7-16

Page 15 of 15

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego é o que rexe a licitación do servizo de referencia sendo aprobado pola XGL en sesión de 21.03.2016 e rectificado por RA de 30.03.2016 por mor de defectos e omisións advertidos en base ao procedemento previsto na cláusula VI dos PCAP "consulta do expediente e perfil de contratante".BUEU, A 30.03.2016  
A secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Casa da música	Valado S/N
Centro de Interpretación de Agrelo ( antigo matadoiro)	Agrelo
Aula da natureza	Udra

**\* Con carácter unicamente orientativo, indícanse as dependencias relacionadas con traballos do ámbito da construción ou afíns, ou con especial risco.**